

**Unha primavera
para Aldara**

Teresa Moure ·

Deputación

da Coruña, 2008 ·

12 euros



UNHA PRIMAVERA PARA ALDARA

é, polo de agora, a única peza teatral de Teresa Moure. Con ela, a autora achega á literatura dramática galega o tratamento de cuestións clásicas na literatura de muller a través da adscrición ao xénero histórico-medieval de fondo irmandiño, emparellando así co noso nacionalismo literario. A obra pode enmarcarse, ademais, na tradición clásica universal que basea a acción no equívoco do travestimento, un equívoco que foi especialmente efectivo en tradicións coma a isabelina, onde o disfrace de muller xa era consubstancial a unha posta en escena na que só actuaban os homes e na que se facilitaba, por tanto, que o espectador acreditase na confusión home-muller. Pero esa confusión a día de hoxe non só é difícil, senón que pon a proba ante o espectador a credibilidade dunha obra coma esta, caracterizada, precisa-

mente, por unha feitaura realista máis achegada á do cine cá do teatro isabelino. Porque *Unha primavera para Aldara* máis ca unha obra dramática lembra a un filme debido á súa estrutura secuencial e á súa extensión, debido tamén ao seu deseño de ambientes, e a unha multiplicidade de espazos non sempre representábel escenicamente. Por iso, *Unha primavera para Aldara* amosa a vertente máis literaria do “teatro para ler” no que a imaxinación do lector prevalece sobre a proposta escénica que subxace á propia definición do dramático como xénero literario. Teresa Moure, é certo, rétanos a transitar nas difusas fronteiras dos xéneros literarios, atrevéndose a ser máis narradora ca dramaturga, para insistir, na súa primeira obra dramática, na esencia do seu éxito como escritora: a novidade no punto de vista que a autora achega aos temas, e a súa capacidade para obrigarnos a acreditar na utopía e na existencia de espazos de liberdade alternativos.

Neste caso, voluntariamente afastada da tradicional lectura histórica, Moure propón un convento de monxas coma un verdadeiro espazo para a independencia da muller na Idade Media. A proposta, sen dúbi-

da, é suxestiva, a pesar dun anacronismo que se intensifica con algúns aspectos do argumento e da caracterización de personaxes que contrastan coa concreción histórica e coas referencias documentadas, e a pesar da dificultade básica de establecer a complicidade dun lector ou lectora que debe aceptar incondicionalmente, en primeiro lugar, unha confusión home-muller e, en segundo lugar, unha relación lésbica nun convento galego medieval. Superados eses transos e superada certa tendencia ao tópico romántico, quen lea *Unha primavera para Aldara* estará xa en disposición de apreciarla coma unha alegación a prol da liberdade, da intelixencia e da independencia das mulleres, e coma unha crítica mordaz á Igrexa Católica que tradicionalmente acalou todo movemento progresista e feminista. Velaí a literatura de Teresa Moure que, sexa teatral ou narrativamente, xamais deixa indiferente a quen a le, especialmente se, como neste caso, quen a le pode pensar en trasladar todo ese mundo imaxinario ás táboas dun teatro, tan reais e tan condenadamente esixentes que non sempre deixan que as obras voen libres coma a escritura de Teresa Moure. // **Inma López Silva**